

A HISTORIA DOS CANCIONEIROS DE TRADICIÓN ORAL



Cancioneiros que recollen as melodías tradicionais de Galicia

MANUEL RICO VEREA



Seminario Galán

9



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

A HISTORIA DOS CANCIONEIROS QUE RECOLLEN AS MELODÍAS TRADICIONAIS DE GALICIA	5
AYES DE MI PAIS Marcial Valladares	7
CANTARES VIEJOS Y NUEVOS DE MI PAÍS Marcial del Adalid Gurrea	9
CANTOS E BAILES DA GALIZA José Inzenga Castellanos	11
CANCIONERO MUSICAL POPULAR ESPAÑOL Felipe Pedrell i Sabaté	13
CANTO POPULAR GALLEGO Luís María Fernández Espinosa	15
COLECCIÓN DE CANTOS E BAILES DE PONTEVEDRA Victor Said Armesto e Casto Sampedro	17
CANCIONERO MUSICAL DE GALICIA Casto Sampedro e Folgar	19
COLECCIÓN SAMPEDRO Casto Sampedro e colaboradores	21
ASÍ CANTA GALICIA Daniel González Rodríguez	23
CANCIONERO GALLEGO Bal y Gay e Martínez Torner	25
OUTROS CANCIONEIROS	27
CANCIONEIRO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL Dorothe Schubarth e Antón Santamarina	29
CANCIONEIRO POPULAR GALEGO Dorothe Schubarth e Antón Santamarina	31

A HISTORIA DOS CANCIONEIROS QUE RECOLLEN AS MELODÍAS TRADICIONAIS DE GALICIA



Marcial Valladares




Marcial del Adalid

As primeiras recolleitas do corpus da música tradicional van asociadas a persoeiros galeguizadores dos círculos eclesiásticos, pero Marcial Valladares e Marcial del Adalid son os músicos que sentan as bases dos primeiros estudos. A eles débemoslle sumar o impacto da familia Murguía-Castro e, en diferente dimensión, da familia de Canuto Berea. Se os mencionados autores foron os piares temos que salientar que contribuíron de maneira especial a fornecer o coñecemento e o rexistro das melodías tradicionais Isidoro Hernández, Santiago Tafall, Casto Sampedro, Ramón de Arana, Xoán Montes, Perfecto Feijóo, Luís María Fernández Espinosa, Víctor Said Armesto e outros máis. Algúns deles non chegaron a publicar a súa recolla pero deixaron a súa pegada recreando as melodías nas súas obras, harmonizando as melodías ou transferindo os seus arquivos a proxectos doutros colectores entre os que destaca a colección de Casto Sampedro.

AYES DE MI PAIS

(1842- 1865)


Marcial Valladares



Marcial Valladares Núñez (A Estrada, Vilancosta 1821-1903) considérase que foi o primeiro galego que realizou unha recompilación da música tradicional de Galicia. O seu manuscrito de melodías tradicionais, con harmonizacións para piano, permaneceu inédito ata o ano 2010 que se publica co título de *Ayes de mi país*. Algunhas melodías foron publicadas na *Historia de Galicia* (1866) por Manuel Murguía. Na colección de Samperro constan trinta e nove melodías enviadas por Valladares. O seu cancioneiro, antes de ser editado, forneceu diferentes cancioneiros sen que fora citado en moitos deles.

CANTARES VIEJOS Y NUEVOS DE MI PAÍS (1877)

Marcial del Adalid Gurrea




Marcial del Adalid Gurrea (A Coruña, 1826 – Lóngora, 1881) é o músico que zumega romanticismo e europeísmo no tratamento das melodías que recolle do cancioneiro tradicional.

Desde moi novo perfecciona os estudos musicais en Londres con Moscheles e visita París e Madrid, importando, de volta á Coruña, as correntes musicais europeas.

Na Coruña publica os primeiros cadernos de *Cantares viejos y nuevos de Galicia* cunha ducia de melodías tradicionais para voz e piano que harmoniza baixo a influencia de Gounod. A súa contribución ao coñecemento do cancioneiro popular comprende outras melodías que emprega na zarzuela *Pedro Madruga*, na ópera *Inés e Bianca* e na *Marcha triunfal de Galicia*.

CANTOS E BAILES DA GALIZA (1888)

José Inzenga Castellanos




José Inzenga Castellanos (Madrid 1828 – 1891), músico e membro da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, recibe a encomenda do Ministerio da Gobernación de realizar unha escolma dos cantos e bailes de España.

Con *Ecos de España* (1873) comeza a publicar as melodías tradicionais que recolle como colector a máis das recibidas dos seus colaboradores en Galicia. Publica *Cantos y bailes populares de España* (1888) no que inclúe *Cantos e bailes de Galicia*. A maioría das melodías están harmonizadas para piano e inclúe catro melodías publicadas por Adalid e cinco publicadas na *Historia de Galicia* de Murguía harmonizadas por Marcial Valladares.

CANCIONERO MUSICAL POPULAR ESPAÑOL

(1919-1922)

Felipe Pedrell i Sabaté




Felipe Pedrell i Sabaté (Tortosa 1841 – Barcelona 1922), destacado musicólogo e pedagogo musical, é un dos compositores máis recoñecidos do nacionalismo musical.

Trasládase a París e a Roma para perfeccionar os seus coñecementos musicais o que influirá nas futuras tendencias como compositor de música culta e popular. Foi fundador das escolas de musicoloxía tanto en Cataluña coma no resto de España.

No seu *Cancioneiro musical popular español* (1919-1922) inclúe cincuenta e seis melodías galegas que lle proporcionan diferentes colaboradores e que presenta harmonizadas tamén para voz e piano.

CANTO POPULAR GALLEGO (1940)

Luís María Fernández Espinosa




Fernández Espinosa (Madrid, 1876 – Pontevedra, 1960), o franciscano fillo predilecto da *boa vila*, actuou como dinamizador cultural, como compositor de música polifónica, de música sacra e de música sinfónica.

Man dereita de Casto Sampedro no proxecto de compilación da música tradicional, contribuíu de forma singular ó coñecemento do cancionero de Galicia como etnomusicólogo, difusor mediante publicacións e harmonizador de melodías populares para voz e piano ou, seguindo a tendencia do coralismo europeo, para voces da Coral polifónica. Publica seis cader nos de melodías harmonizadas, con portada de Castelao, para voces e redución para voz e piano. No seu cancionero, *Canto popular galego* presenta unha nutrida colección de melodías e coplas co obxectivo de difundir unha selección de cantos populares clasificados por xéneros.



COLECCIÓN DE CANTOS E BAILES DE PONTEVEDRA (1910)

Victor Said Armesto e Casto Sampedro



Víctor Said Armesto
Caricatura de Castelao


Víctor Said Armesto (Pontevedra, 1871 - Madrid 1914) foi un escritor e o primeiro catedrático de Lingua e Literatura galaico-portuguesa. En 1905 foi comisionado por Pontevedra con Casto Sampedro para a creación da Real Academia Galega. Tamén compartiu con este o proxecto de compilación da música tradicional de Galicia. Os dous son autores da *Colección de cantos e bailes de Pontevedra* (1910) premiada no concurso convocado pola Academia de Belas Artes de San Fernando.

No limiar da colección premiada expresan a súa gratitude aos que contribuíron en maior medida a formar esta colección: Santiago Tafall, Manuel Fernández Alonso, Luis María Fernández Espinosa, Ramón de Arana, Perfecto Feijóo, Antonio Licer, Agustín Somoza, José Sanmartín e Román Pintos.

CANCIONERO MUSICAL DE GALICIA

(1942)

Casto Sampedro e Folgar



Casto Sampedro e Folgar (Pontevedra 1848 – 1937), musicólogo, arqueólogo e investigador, formouse musicalmente nos seminarios de Santiago, Tui e Ourense.

El foi o autor do proxecto de reunir o conxunto documental do cancionero musical de Galicia que foi medrando día a día coa aportación de moitos colectores de Galicia.


Fina no 1937 e vai ser Filgueira Valverde quen personalice a publicación do *Cancioneiro musical de Galicia* (1942), ignorando as coautorías dos colaboradores.

Corenta anos despois publicouse unha reedición fotostática e, no 2007, unha nova edición coordinada por Carlos Villanueva.

COLECCIÓN SAMPEDRO

(1994)

Casto Sampedro e colaboradores




Manifestara Carlos Villanueva que Filgueira Valverde coa publicación do *Cancioneiro musical de Galicia* «só realizara un ordenamento post mortem bastante negado e con evidentes puntos escuros». Temos que citar a María Xesús Fortes, que organizou a *Colección Sampedro*, con setecentas vinte melodías e a Xabier Groba que editou *Casto Sampedro e a música do Cantigueiro galego de tradición oral*, publicada polo concello de Redondela, que nos mostra as melodías, os personaxes e os contidos desta importante colección.

Os máis importantes colaboradores de Sampedro foron Marcial Valladares, Marcial del Adalid, Alejandra Murguía Castro, Víctor Said Armes-to, Ramón de Arana, Luís María Fernández Espinosa, Xoán Montes, Santiago Tafall e unha longa lista de músicos, directores, compositores e anónimos colaboradores.

ASÍ CANTA GALICIA

(1963)

Daniel González Rodríguez



Daniel González Rodríguez foi un dos directores da *Coral Ruada* (1919-1955) creada no ano 1918 seguindo o modelo da coral *Aires da Terra* de Pontevedra.


Filgueira Valverde escribira no limiar do *Cancioneiro musical de Galicia* (1942) que a praxe científica dun estudo esixe citar os autores e as fontes que se reproducen pero, despois desta «reprimenda» aínda se publicarán cinco cancioneiros que se esquecen de datos básicos e mesmo da bibliografía.

Daniel González é o autor do cancioneiro titulado *Así canta Galicia* no que aparecen vinte e tres melodías do cancioneiro de Fernández Espinosa e outras tantas do cancioneiro de Marcial Valladares.

CANCIONERO GALLEGO


(1973)

Bal y Gay e Martínez Torner




Jesús Bal y Gay (Lugo 1905 e Madrid, 1993), musicólogo e intelectual galego e Eduardo Martínez Torner (Oviedo, 1888-Londres, 1955), musicólogo e concertista asturiano, foron os autores do *Cancionero gallego* (1973).

Bal y Gay, membro do Seminario de Estudos Galegos recollera a música tradicional de Melide e outras localidades. Sen embargo o 40% das melodías, a veces con entradas duplicadas, proceden doutros arquivos e coleccións solapando a súa verdadeira orixe. No cancionero inclúense melodías dos colectores anteriores (Valladares, Adalid, Inzenga, Fernández Espinosa, etc.) sen que se citen e sen que conste tampouco a bibliografía utilizada.




Aínda , queda un grupo de cancioneros que divulgaron a música tradicional en diferentes formas pero o seu valor histórico mingua por retrotraer melodías de cancioneros anteriores que non citan e que tamén carecen da bibliografía utilizada: *Mil cancións españolas* da Sección Femenina de Fet y de las Jons (1966), *Cancioneiro de Galicia*, de Carlos Villalba Freire (1977), e *Galicia cantada* de R. Groba (1984).



CANCIONEIRO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL

(1982)

Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Dorothe Schubarth, (Basilea 1944 – 2023), catedrática na Academia de música de Lucerna e Antón Santamarina (A Fonsagrada, 1942), catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, editan no ano 1982 o *Cancioneiro galego de tradición oral* e no ano 1983, *Cántigas populares*.


Ambas publicacións son escolmas do material etnomusicográfico recollido entre 1978 e 1980 complementado con algún cantares de zonas non exploradas publicados noutros cancioneiros.

É unha primeira radiografía que realizan da música popular de Galicia que inicia unha pequena revolución na metodoloxía tanto no ámbito literario coma no ámbito musical.

CANCIONEIRO POPULAR GALEGO

(1984)

Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Despois do intenso traballo de recoller, analizar clasificar e estudar o material, nos ámbitos literario e musical, publícase o *Cancioneiro Popular Galego* que marca un antes e un despois do cancionero tradicional de Galicia.

A publicación do *Cancioneiro Popular Galego* (1984) da etnomusicóloga suíza Dorothe Schubarth e do lingüista fonsagradino, Antón Santamarina (1984) marca un antes e un despois nos estudos da música tradicional de Galicia. Estamos ante unha recolleita planificada con documentos sonoros, dos que se realiza unha transcripción e un estudo sistematizado, tendo en conta o ámbito literario e musical, unha análise das melodías e unha nova proposta de clasificación dos xéneros do cancionero de tradición oral.

